

*Comúns a todos ou a varios impostos especiais*

AF Almacéns fiscais de bebidas alcohólicas e de elaborados do tabaco.

DF Depósitos fiscais de bebidas alcohólicas e de elaborados do tabaco.

DM Depósitos fiscais de bebidas alcohólicas e de elaborados do tabaco situados en portos e aeroportos e que funcionen exclusivamente como establecementos retalistas.

DP Depósitos fiscais para a subministración de bebidas alcohólicas e de elaborados do tabaco para consumo ou venda a bordo de buques e/ou aeronaves.

OR Operadores rexistrados de bebidas alcohólicas e de elaborados do tabaco.

PF Industrias ou usuarios en réxime de perfeccionamento fiscal.

RF Representantes fiscais.

VD Empresas de vendas a distancia.

**Códigos das oficinas xestoras de impostos especiais**

01OG0000	Áraba.
02OG0000	Albacete.
03OG0000	Alacant.
04OG0000	Almería.
05OG0000	Ávila.
06OG0000	Badajoz.
07OG0000	Illes Balears.
08OG0000	Barcelona.
09OG0000	Burgos.
10OG0000	Cáceres.
11OG0000	Cádiz.
12OG0000	Castellón.
13OG0000	Ciudad Real.
14OG0000	Córdoba.
15OG0000	A Coruña.
16OG0000	Cuenca.
17OG0000	Girona.
18OG0000	Granada.
19OG0000	Guadalajara.
20OG0000	Gipuskoa.
21OG0000	Huelva.
22OG0000	Huesca.
23OG0000	Jaén.
24OG0000	León.
25OG0000	Lleida.
26OG0000	La Rioja.
27OG0000	Lugo.
28OG0000	Madrid.
29OG0000	Málaga.
30OG0000	Murcia.
31OG0000	Navarra.
32OG0000	Ourense.
33OG0000	Oviedo.
34OG0000	Palencia.
35OG0000	Las Palmas.
36OG0000	Pontevedra.
37OG0000	Salamanca.
38OG0000	Santa Cruz de Tenerife.
39OG0000	Santander.
40OG0000	Segovia.
41OG0000	Sevilla.
42OG0000	Soria.
43OG0000	Tarragona.
44OG0000	Teruel.
45OG0000	Toledo.
46OG0000	Valencia.
47OG0000	Valladolid.
48OG0000	Bizkaia.
49OG0000	Zamora.
50OG0000	Zaragoza.

51OG0000	Cartagena.
52OG0000	Gijón.
53OG0000	Jerez de la Frontera.
54OG0000	Vigo.
55OG0000	Ceuta.
56OG0000	Melilla.

**MINISTERIO DA PRESIDENCIA**

**22786** *ORDE PRE/3949/2006, do 26 de decembro, pola que se establece a configuración, características, requisitos e procedementos de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade.* («BOE» 310, do 28-12-2006.)

Actualmente, na maioría das relacións dos cidadáns coa Administración estes deben presentar unha fotocopia do seu documento de identidade, xa sexa o seu DNI, se se trata dun cidadán español, ou a súa tarxeta equivalente para o caso de estranxeiros residentes en territorio español.

Considérase que o número de fotocopias de documentos acreditativos da identidade dun cidadán presentadas anualmente nos trámites administrativos ascende a máis de catro millóns.

O 28 de abril de 2006, o Consello de Ministros aprobou o Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Os obxectivos da devandita norma son, por un lado, suprimir a obriga de presentar fotocopias dos documentos acreditativos de identidade en todos os trámites administrativos, podendo substituír a dita fotocopia, naqueles supostos onde a constancia dos datos fose imprescindible, por unha consulta telemática á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil de forma directa ou diferida; e, por outro, dotar de maior seguranza o método actual de verificación da identidade dun cidadán, xa que é máis fácil manipular unha fotocopia que suplantar a identidade do sistema de verificación de datos de identidade baseado na información preservada pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

A partir da posta en funcionamento deste sistema é o propio departamento ante o que se solicita o trámite o encargado de comprobar, de oficio, a identidade do interesado. Esta consulta realizarase nos casos en que sexa estritamente necesario e tras obter a autorización do interesado. A consulta realizarase con máximas garantías de seguranza e preservando a privacidade dos datos. En caso de que o interesado non dea o seu consentimento para realizar esa consulta, deberá achegar a súa correspondente fotocopia do documento nacional de identidade.

O obxecto desta orde ministerial é darlle cumprimento ao mandato contido na disposición derradeira primeira do citado Real decreto 522/2006, do 28 de abril, en virtude do cal o establecemento da configuración, características, requisitos e procedementos de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade, así como a data en que o dito sistema estará plenamente operativo, se levará a cabo mediante orde, por proposta conxunta dos ministros do Interior e de Administracións Públicas.

Para tal fin, tivéronse en consideración as experiencias previas, as implicacións técnicas, a busca de raciona-

lidade e sinxeleza de uso e o aproveitamento das vantaxes das economías de escala.

Na súa virtude, logo de respectivos informes favorables do Consello Superior de Administración Electrónica e da Axencia de Protección de Datos, por proposta dos ministros do Interior e de Administracións Públicas, dispoño:

Primeiro.—Apróbase o Regulamento técnico do sistema de verificación de datos de identidade, que figura como anexo a esta orde ministerial, como instrumento que establece a configuración, características, requisitos e procedementos de acceso ao citado sistema.

Segundo.—Fixase como data de operatividade do sistema de verificación de datos de identidade o 1 de xaneiro de 2007, a partir da cal non poderá exixir a Administración xeral do Estado ou os organismos vinculados ou dependentes daquela a achega de fotocopias do documento nacional de identidade ou dos documentos acreditativos da identidade de estranxeiros residentes en España ou tarxeta equivalente, salvo nos supostos previstos no Real decreto 522/2006, do 28 de abril.

Terceiro.—Esta orde ministerial apróbase en aplicación do disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes. O disposto nesta orde ministerial aplicarase en todo caso de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa aplicable nesta materia.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación e desenvolvemento.*

1. Mediante resolución da Secretaría Xeral para a Administración Pública do Ministerio de Administracións Públicas, coa conformidade do Ministerio do Interior e logo do informe do Consello Superior de Administración Electrónica, estableceranse os parámetros de calidade da prestación do servizo do sistema de verificación de datos de identidade e de cumprimento dos requisitos e condicións establecidos nesta orde ministerial. Para estes efectos, o Ministerio de Administracións Públicas establecerá instrumentos de validación e vixilancia do cumprimento do establecido no parágrafo anterior, sen prexuízo das competencias dos órganos de control interno.

2. Mediante resolución da Secretaría Xeral para a Administración Pública do Ministerio de Administracións Públicas, coa conformidade do Ministerio do Interior e logo do informe do Consello Superior de Administración Electrónica, poderase proceder á actualización ou modificación do regulamento técnico que se aproba por esta orde ministerial.

3. Facúltanse os subsecretarios dos departamentos ministeriais, os presidentes dos organismos públicos ou os responsables ministeriais correspondentes, para a adopción das instrucións ou medidas que resulten adecuadas para garantir o acceso e a utilización do sistema de verificación de datos de identidade polos órganos e unidades correspondentes ao seu ámbito.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de decembro de 2006.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

## ANEXO

### Regulamento técnico do sistema de verificación de datos de identidade

Primeiro. Descrición do sistema de verificación de datos de identidade.—O sistema de verificación de datos de identidade posto á disposición dos departamentos e organismos da Administración xeral do Estado por parte do Ministerio de Administracións Públicas establécese como servizo horizontal para a consulta e comprobación dos datos do documento de identificación do cidadán custodiados pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil consonte o disposto na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, que lle atribúe ao Corpo Nacional de Policía a función de expedición do documento nacional de identidade e o control de entrada e saída do territorio nacional de españois e estranxeiros. Información que se encontra rexistrada e custodiada nos ficheiros da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, que soportan a xestión do documento nacional de identidade e a tarxeta de identificación de estranxeiros (as súas denominacións, conforme as ordes INT/1751/2002, do 20 de xuño, e INT/2190/2006, do 19 de xuño, son ADDNIFIL e ADEXTTRA, respectivamente).

Segundo. *Adopción de medidas de seguranza, organizativas ou técnicas dos organismos e aplicacións que accedan ao sistema de verificación de datos de identidade.*

1. Con carácter xeral os organismos que accedan ao sistema de verificación de datos de identidade cumpriran coas medidas de seguranza, conservación e normalización que se detallan nos criterios de seguranza, normalización e conservación das aplicacións utilizadas para o exercicio de potestades aprobados polo Consello Superior de Administración Electrónica mediante Resolución do 26 de maio de 2003 e revisións posteriores.

2. O alcance e intensidade de aplicación das medidas de seguranza, conservación e normalización virán determinados polo resultado da análise e xestión de riscos que se realice, recomendándose para estes efectos a utilización da metodoloxía de análise e xestión de riscos dos sistemas de información (MAGERIT) do Consello Superior de Administración Electrónica.

3. O disposto nesta orde ministerial aplicarase de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento de medidas de seguranza dos ficheiros automatizados de datos de carácter persoal aprobado por Real decreto 994/1999, do 11 de xuño.

Terceiro. *Acceso ao sistema de verificación de datos de identidade.*

1. O acceso ao sistema de verificación de datos de identidade realizarase a través do Sistema de Aplicacións e Redes para as Administracións Públicas, e seguirá o esquema de conexión que esta ten establecido para calquera organismo público. Só en casos debidamente xustificadas e logo de aprobación, por parte da Secretaría do Consello Superior de Administración Electrónica, dun plan para a ordenación das comunicacións se habilitarán temporalmente mecanismos de conexión alternativos.

2. O sistema de verificación de datos de identidade presentará dúas formas alternativas de acceso para realizar as correspondentes consultas sobre a veracidade de certos datos de identidade:

Unha interface accesible a través dun navegador de Internet, conforme o RFC 2616: Protocolo de Transferencia de Hipertexto - HTTP/1.1 do IETF, onde un empregado público, debidamente acreditado e identificado, poderá realizar consultas con só dispor dun navegador con

acceso ao sistema de aplicacións e redes para as administracións públicas e sinatura electrónica.

Unha interface automatizada de servizo web, conforme o estándar WSDL 1.1 ou superior do W3C cuxa definición inicial, e sucesivas actualizacións, serán postas á disposición dos organismos a través do Consello Superior de Administración Electrónica e a súa comisión permanente.

*Cuarto. Requisitos de autenticidade para o acceso ao sistema de verificación de datos de identidade.*

1. Os accesos ao sistema de verificación de datos de identidade efectuaranse utilizando certificados electrónicos recoñecidos.

2. Os certificados electrónicos que se utilicen para se identificar ante o sistema de verificación de datos de identidade deberán ser certificados recoñecidos que cumpran a recomendación UIT X.509 versión 3 ou superiores (ISO/IEC 9594-8 de 1997).

3. Non se poderán utilizar certificados electrónicos caducados ou revogados para acceder ao sistema de verificación de datos de identidade.

*Quinto. Requisitos de confidencialidade do sistema de verificación de datos de identidade.*

1. O sistema de verificación de datos de identidade ofrecerá consultas en que, a partir do número do documento de identificación do cidadán ou estranxeiro, se devolverá o total, ou un subconxunto, dos datos incorporados no dito documento:

- Nome e apelidos do titular do documento.
- Lugar e data de nacemento.
- Nome dos pais.
- Sexo.
- Estado de vixencia do documento.

O conxunto de datos a que teña acceso cada usuario do sistema será establecido, logo de autorización e xustificación, por parte do responsable na organización administrativa.

2. Só organismos públicos debidamente autorizados terán acceso ao sistema de verificación de datos de identidade. En todo organismo público existirá un responsable ou administrador delegado do sistema que autorizará os accesos ao sistema de verificación de datos de identidade.

3. Para realizar a consulta ao sistema de verificación de datos de identidade será preciso o consentimento do interesado cuxos datos se vaian verificar, salvo que unha norma con rango de lei autorice a dita consulta. O dito consentimento deberá constar na solicitude de iniciación do procedemento, ou en calquera outra comunicación posterior, sempre e cando a dita comunicación sexa previa á consulta no sistema; non se poderá realizar ningunha consulta en caso de non contar co consentimento de forma que faga fe. Os impresos ou formularios electrónicos de solicitudes de iniciación de procedementos administrativos deberanse adecuar para recoller o dito consentimento.

4. A consulta e o acceso á información proporcionada polo sistema de verificación de datos de identidade deberase realizar cunha finalidade concreta, que quedará recollida no momento da consulta.

*Sexto. Requisitos de integridade da información proporcionada polo sistema de verificación de datos de identidade.*—Todas as consultas que se realicen ao sistema de verificación de datos de identidade, así como as respostas que devolva o propio sistema, deberán ter sido asinadas electronicamente. Esta sinatura electrónica ten por obxecto garantir a integridade dos datos intercambia-

dos como a identidade das partes que interveñen e o non-repudio da consulta.

Da mesma forma, todas as consultas que o sistema de verificación de datos de identidade lle deba realizar á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, así como as correspondentes respostas obtidas resultado destas, deberán ser debidamente asinadas electronicamente para garantir tanto a integridade da información como a identidade de ambos os organismos.

*Sétimo. Requisitos de dispoñibilidade da información proporcionada polo sistema de verificación de datos de identidade.*—O sistema de verificación de datos de identidade estará dispoñible os sete días da semana as vinte e catro horas do día.

*Oitavo. Garantías xurídicas do sistema de verificación de datos de identidade ante posibles recursos.*

1. O servizo web proporcionado por este sistema segue o estándar de intercambio de datos definido por «substitución de certificados en soporte papel» do Consello Superior de Administración Electrónica, que reúne, con base na normativa vixente, as garantías xurídicas aplicables ao intercambio de datos entre administracións públicas.

2. O sistema de verificación de datos de identidade disporá dun módulo de auditoría, en que quedarán rexistradas todas as consultas de datos de identidade realizadas, información de contexto asociada, como a identidade do solicitante, a data e a finalidade da consulta, e aqueles eventos relevantes desencadeados a partir da propia consulta. Garantirase a integridade e o non-repudio da información rexistrada mediante técnicas de sinatura electrónica e selaxe de tempo, establecéndose, así mesmo, medidas técnicas para garantir a dispoñibilidade e recuperación daquela información que non se manteña en liña por motivos de eficiencia técnica ou seguranza.

3. Para certificar a data e tempo das actividades e sucesos rexistrados no sistema de verificación de datos de identidade farase uso do servizo de selaxe de tempo da plataforma de sinatura electrónica do Ministerio de Administracións Públicas, sincronizada co Real Instituto e Observatorio da Armada, de conformidade co previsto sobre a hora legal no Real decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se declara o Laboratorio da Armada como laboratorio depositario do patrón nacional de tempo e laboratorio asociado ao Centro Español de Metroloxía, e segundo as condicións técnicas e protocolos que o citado organismo estableza.

4. Só persoal da Administración pública debidamente autorizado e acreditado poderá acceder ás funcionalidades de auditoría do sistema de verificación de datos de identidade.

*Noveno. Condicións da prestación do servizo.*

1. A xestión do sistema de verificación de datos de identidade correspóndelle ao Ministerio de Administracións Públicas.

2. Os organismos públicos que fagan uso deste servizo estarán suxeitos ás medidas de seguranza, os requisitos de autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e criterios técnicos establecidos nesta orde ministerial.

3. Para poder acceder ao sistema de verificación de datos de identidade, os organismos administrativos deberán designar un responsable, tal e como se indica no número segundo do punto quinto deste anexo técnico, que será o encargado de autorizar os accesos no seu organismo. O nomeamento e cesamento deste responsable deberalle ser comunicado ao Ministerio de Administracións Públicas, para a asignación dos permisos adecuados de acceso ao sistema ou a súa cancelación.